

ACTA

Nº 39 Ano 2013.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúñese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 10,05 horas do día 20 de decembro de 2013, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Ignacio Garrote Freire	D.X.Traballo e Economía S.	4.47.71
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.35
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629-851-751
Francisco Fernandez Castro	CSI-F	881-542-850
Mª Xose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez e Carmen Gómez Couso, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acordase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación e debate do programa das actividades preventivas a realizar no 2.014, pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia.:

Pablo Diaz, fai unha introducción comentando que a proposta presentada semella a de anos anteriores, reducindo actuacións nalgúns apartados, coma os de avaliacións e aumentando outros, coma o dos plans de emergencia ou recoñecementos médicos.

- a) Xestión da Prevención. Non houbo intervencións.

b) Avaliación de Riscos. A CIG pregunta pola avaliación das tarefas de extinción de incendios. A Administración respoita que este ano comezarase a realizar esta avaliación. A CSIF solicita novas avaliacións nas Residencias de Traballo e Benestar na provincia de Pontevedra, debido o aumento da carga de traballo, polo maior grao de dependencia das persoas asistidas, pola insuficiencia ou mal estado dos medios de mobilización de pacientes dos que se disponen... A Administración manifesta que emprega a meirande parte do seu tempo nas visitas a este tipo de centros. CCOO solicita que se facilite unha copia actualizada das avaliacións realizadas. A Administración manifesta que fará entrega da mesma no menor tempo posible.

Auséntase da xuntanza Carmen Gómez Couso, sendo as 10,30 h.

c) Medidas de emerxencia. A Administración manifestou que o próximo ano, farase un esforzo extra, para implantar no maior número de centros estas medidas.

d) Vixiancia da saúde. A Administración fai constar o continuo incremento de solicitudes do persoal para facer recoñecementos médicos, co obxecto de certificar a aptitude para o posto de traballo. Tamen informa de que no primeiro trimestre do ano actualizaranse as probas médicas, que se realizarán en cada unha das categorías profesionais existentes. UGT pregunta se o persoal acollido a Lei 17 vaiselle facer dita vixiancia. A Administración respoita que todo o persoal público da Admón, Xeral da Xunta de Galicia, que non esté nos centros sanitarios xestionados polo Sergas, ou nos centros educativos pertencentes a Consellería de Cultura e Educación, dependen deste ámbito de Función Pública/Xustiza, e polo tanto faráselles a vixiancia da saúde. CSIF pregunta se este ano as persoas interesadas van poder consultar telemáticamente, os resultados do seu recoñecemento médico. A Administración manifesta que sigue intentando que eso sexa unha realidade, non o puido conseguir no presente ano, pero pensa que para este ano que ven, si que poida ser posible. UGT protesta por algúns errores detectados nos recoñecementos xinecolóxicos realizados durante o ano 2013, e pregunta se foi puntual ou fixérонse máis reclamacións ao respecto. A Administración contesta que foi un erro puntual subsanado.

Auséntase da xuntanza Victor Gallego Vincent, sendo as 11,30 h.

e) Formación. A Administración manifesta que a programación será similar a deste ano. CCOO, dado que hai problemas de mal ambiente laboral que provocan perda de saúde, propón a realización de cursos sobre relacións interpersoais, xestión de recursos humanos... A Administración recolle a proposta para o seu estudio.

f) Participación sindical. A Administración manifesta que como siguen existindo Comités de Seguridade que hai tempo non se convocan e outros que apenas reunense, contempla a posibilidade de realizar para o 2.014 unha xuntanza con todos os Presidentes destes comités, co obxecto de promover un maior número de convocatorias dos mesmos.

e) Investigación de accidentes. Igoal previsión que o ano anterior.

3.- Asignación de número e membros, representantes da admón. e delegados de prevención, no novo Comité de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.-

Se aproba a taboa proposta recollida na convocatoria da orde do día da presente reunión, que seguidamente se fai constar.

Censo		Delegados de Prevención	
Funcionarios	Laborais	Funcionarios	Laborais
287	287	3	3
Composición Comite		Delegados de Prevención	Representantes Empresa
		6	6

Se acorda o cese do integrantes do extinto Comité de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Educación e O.U., e o nomeamento como membros deste novo Comité das persoas, representantes de Admón. e delegados e delegadas de prevención, que componían o tamen desaparecido Comité de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Cultura e Turismo.

4.- Rogos e Preguntas.-

UGT quere agradecer ao Servizo de Prevención a coherencia que ten, ao introducir na web do Servizo de Prevención e tramitar, a solicitude de adaptación/recolocación do posto para traballadores especialmente sensibles a determinados riscos. Pedindo que para o persoal laboral sexa efectiva.

CSIF fai entrega do seu guión escrito de intervencións nesta xuntanza, solicitando que o mesmo se anexe coa acta. Acórdase facelo así.

Levántase a sesión sendo as 11, 55 h.

Vº Bº O PRESIDENTE 	Vº Bº O SECRETARIO 
EMILIO DE LA IGLESIA LEMA	EDUARDO FREIRE POUSA